

PESCANOVA




# Galicia Hoxe

[Inicio](#) | [Galicia](#) | [Nacional](#) | [Política](#) | [Economía](#) | [Mundo](#) | [Deportes](#) | [Cultura](#) | [Opinión](#) | [Fotografía](#) | [Cine](#) | [Música](#) | [Arte](#) | [Ciencia](#) | [Tecnología](#) | [Turismo](#) | [Galerías](#) | [Fotos](#) | [Webcams](#) | [Archivos](#) | [Servicios](#) | [Arquivo](#) | [Hemeroteca](#)

VIVIR HOXE GALICIA

Domingo 1 de maio de 2005



**lecer**  
a visión galega



**venres**  
sala capitol



**bolboreta**  
a malaria

Actualizada: 17:09 h



SUPLEMENTOS

[océano internet](#)  
[descubrir](#)  
[universidade](#)  
[revista das letras](#)  
[hoxe venres](#)  
[bolboreta](#)  
[lecer](#)  
[\(sobre\)vivir](#)

CANLES

[manual de estilo](#)  
[libros](#)  
[musica-concertos](#)  
[galerías de fotos](#)  
[o club do debate](#)

SERVICIOS

[visitas](#)  
[web-cams](#)

ARQUIVO

[portadas \(pdf\)](#)  
[especiais](#)

HEMEROTECA

MAIO						
L	M	M	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

  

ABRIL						
L	M	M	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

EN 'EL CORREO'

[portada](#)  
[defensor del lector](#)  
[cine](#)  
[arte](#)  
[ocio](#)  
[caleidoscopio](#)  
[clasificacións fútbol](#)  
[horóscopo](#)  
[gallego del año](#)

## A Coruña e Pontevedra concentran máis do 70% dos procesos internacionais para facerse cargo dos nenos

Redacción . Santiago

As provincias de Pontevedra e A Coruña concentran máis do 70% das adopcións internacionais que se realizan en Galicia, segundo un estudo promovido pola Fundación María José Jove e cuxas conclusións se presentaron onte nunha Xornada sobre Adopción Internacional.

Este estudo iniciouse en xullo do 2004 e concluíu o mes pasado de febreiro. Desta investigación, na que todos os expertos coincidiron na necesidade de lembrar que a adopción é un dereito dos nenos e non dos pais, despréndese que a adopción internacional se disparou en Galicia en 1999, ano no que o número de expedientes duplicou o do exercicio anterior, pasando dos 63 ós 139, iniciándose unha traxectoria ascendente que continúa ata a actualidade.

Estas cifras cobran se cabe máis importancia se se ten en conta que se desenvolveron a un ritmo vertixinoso, mentres os recursos humanos públicos e privados encargados de xestionar os diferentes trámites non se incrementaron ó ritmo das solicitudes.

Durante o 2004, foron adoptados un total de 375 nenos orixinarios de 16 países distintos, fronte ós 61 autos de adopción nacional. A análise destes datos por provincias indica que a adopción internacional se relacionaría directamente coa poboación urbana. Neste sentido, Pontevedra e A Coruña, con 143 e 131 adopcións no 2004, respectivamente, concentraron o ano pasado, o 73% dos autos internacionais, fronte ós 56 de Lugo e ós 45 de Ourense.

A clave do cambio, a chegada das meniñas chinesas

En relación coa orixe dos menores, o estudo promovido pola Fundación María José Jove indica que a tendencia cambiou nos últimos anos. Ó principio, os nenos proviñan na maior parte das ocasións de América Latina, principalmente de Colombia, pero nos anos 2001-2002 a situación cambiou e Asia pasou a ser un dos continentes de maior afluencia de menores,

## O gran problema dos trámites que se frustran

Aínda que os servizos sociais de cada comunidade lles realizan ós solicitantes da adopción unha avaliación exhaustiva para poder conseguir o denominado certificado de idoneidade e evitar así, na medida do posible, que o menor sufra un dobre abandono como consecuencia das adopcións frustradas, isto non sempre se consegue. De feito, segundo Ana Berastegui, investigadora de Instituto Universitario da Familia da Universidade de Comillas, sen chegar a unha ruptura da convivencia, nun estudo desenvolvido na Comunidade de Madrid estímase, que un 10% das familias adoptivas non están adaptadas á nova situación en dito territorio. Os expertos reunidos onte na sede da Fundación María José Jove matizan que esta situación pode ser debida, tanto por problemas de conduta ou integración dos nenos, como pola

[televisión](#)  
[turismo rural](#)  
[anuario 2004](#)  
[5000 empresas](#)  
[agenda comunicación](#)  
[315 concellos](#)  
[e-mails](#)  
[tarifa publicidad](#)

fundamentalmente polas adopcións de nenas chinesas, igual que Europa do leste, sobre todo de menores rusos. Pola súa parte, África que ata agora fora o continente ó que menos recorreran as parellas españolas, pasou a converterse nun lugar de procedencia de moitos menores.

No caso concreto de Galicia, dos 375 nenos adoptados no 2004, un 46% (174) procedían de China; o 18% (68), de Etiopía; o 11% (40), de Rusia; o 7% (27), de Romanía, e o 6% (26) de Colombia.

creación de falsas expectativas dos pais, entre outras razóns. Por iso, a investigadora Berasteguí incide na necesidade de explicarlles ós pais as posibles dificultades de antemán.

#### Afrontar os pequenos problemas de saúde

Outro dos aspectos analizados neste estudo, fai referencia ós problemas de saúde máis habituais que poden padecer os menores adoptados. Neste sentido, para evitar sorpresas, o Dr. Gonzalo Oliván, experto en Pediatría Social e Medicina da Adopción Internacional, apunta que é necesario explicarlles ós futuros pais algúns pequenos problemas de saúde que pode presentar un neno adoptado no estranxeiro.

Entre as doenzas máis frecuentes, detectadas en máis do 30% dos casos, sobresaen as demoras e trastornos leves ou moderados do desenvolvemento neuromadurativo, crecemento físico, malnutrición, anemia ferropénica, inmunizacións incompletas ou enfermidades infecciosas tanto respiratorias como intestinais.

Outras enfermidades relativamente frecuentes, entre o 15-30% dos casos, son os problemas dentais, intolerancias alimentarias, enfermidades dermatolóxicas ou trastornos específicos do desenvolvemento madurativo, como adaptación social, problemas de soño, de aprendizaxe escolar, etc. É dicir, trátase de problemas que se poden corrixir a curto ou medio prazo.

#### Unha análise exhaustiva da realidade na materia

Para facer o estudo sobre adopcións, mantivéronse entrevistas con pais, coas ECAI que operan en Galicia, cos profesionais da Dirección Xeral de Familia e cos principais organismos involucrados nos procesos de adopción internacional como o Ministerio de Asuntos Sociais, de Exteriores, Consello Económico e Social, Departamentos de Dereito Internacional Privado, Instituto Estatístico, Consulados, etc.

En canto ós profesionais implicados na materia, formouse un equipo de 15 persoas divididos en tres grupos: técnicos, documentalistas e consultores.



Ante calquera dúbida, comentario ou problema nas páxinas de Galicia Hoxe envíe un e-mail a [info@galicia-hoxe.com](mailto:info@galicia-hoxe.com)  
 Titularidade e Política de Privacidade